

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 21 DE XUÑO DE 2017.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,30 horas do día 21 de xuño de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG- PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG- PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

XESÚS PENA ESPÍÑA. (concelleiro non adscrito)

Non asiste: MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, (PSG- PSOE).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello PATRICIA COENCE ANTELO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE HORA DA SESIÓN.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19.04.2017.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.04.2017 AO 14.06.2017.

4º) DACIÓN DE CONTA DE INFORME SOBRE ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE BRIÓN, CURSO ESCOLAR 2017/2018, E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2017.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2017.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 19-T REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE HORA DA SESIÓN.

Deuse conta da resolución da alcaldía do 14.06.2017 que transcrita di:

Resultando que a sesión plenaria ordinaria correspondente ao mes de xuño debería celebrarse o día 21.06.2017, ás 13 horas.

Resultando que esta alcaldía non poderá estar presente a esa hora por ter outros compromisos previamente concertados.

De conformidade co disposto no art. 3 do regulamento orgánico municipal, resolvo:

1º) Retrasar a hora de celebración do Pleno ás 13,30 horas.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno para os efectos da súa ratificación consonte co disposto no regulamento orgánico municipal.

Sometida a votación a súa ratificación o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda ratificala.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19.04.2017.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 19.04.2017.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda a súa aprobación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.04.2017 AO 14.06.2017.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

11.04.17.- Delegación no concelleiro José Pedro Cambón Fernández para a autorización da celebración de matrimonio civil.

11.04.17.- Adxudicación de horas dispoñibles a usuarios do SAF dependencia.

11.04.17.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de marzo.

11.04.17.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de marzo.

11.04.17.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil correspondentes ao mes de abril.

11.04.17.- Aprobación do padrón polos prezos públicos dos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, 2º prazo curso 2016-2017.

11.04.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 15.432,67 euros (facturas varias).

12.04.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 55.602,56 euros (facturas varias).

12.04.17.- Recoñecemento de trienios a unha traballadora.

18.04.17.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 11 de abril.

18.04.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación da taxa por inscrición da embarcación cedida ao GES, polo importe de 18,33 €

18.04.17.- Aprobación matrícula de contribuíntes da taxa por utilización privativa da vía pública do ano 2016.

19.04.17.- Baixa no servizo de xantar na casa dunha veciña.

19.04.17.- Presentación telemática e cargo dos importes do IRPF e IVE do mes de marzo.

19.04.17.- Non inclusión no padrón de recollida do lixo do 2017, de varios recibos, por admisión de reclamacións.

20.04.17.- Baixa no servizo de axuda no fogar dunha veciña.

20.04.17.- Baixa no servizo de xantar na casa de dous veciños.

20.04.17.- Aprobación de solicitude de subvención ao INEGA para equipamentos térmicos de biomasa para a escola de párvulos da Luaña e o edificio escolar dos Ánxeles.

20.04.17.- Inadmisión a trámite por incompetencia do concello dun escrito de reclamación de responsabilidade patrimonial.

20.04.17.- Altas e baixa de oficio de varios veciños no Programa de axudas ao transporte.

21.04.17.- Aprobación de altas de recibos do padrón do lixo de 2017.

24.04.17.- Aprobación expediente modificación de créditos 10/2017.

24.04.17.- Ordenar o pago dos gastos aprobados polo pleno o 19 de abril a través de recoñecemento extraxudicial de crédito.

25.04.17.- Pago anticipo subvención escola infantil de Sabaxáns.

25.04.17.- Pago anticipo subvención escola infantil da Igrexa, Luaña.

25.04.17.- Inicio expediente de contratación subministro de maquinaria.

25.04.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 71.380,72 euros (facturas varias).

25.04.17.- Pago cota mancomunidade Serra do Barbanza de febreiro.

25.04.17.- Pago cota mancomunidade Serra do Barbanza de marzo.

25.04.17.- Pago cota mancomunidade Serra do Barbanza de abril.

26.04.17.- Aprobación conta xustificativa subvención primeiro trimestre 2017 aula CEMIT.

26.04.17.- Aprobación bases para contratación persoal (PIL Deputación 2017).

26.04.17.- Recoñecemento de gratificación a un funcionario.

27.04.17.- Adxudicación contrato menor: Restauración cruceiro de Chave de Carballo.

27.04.17.- Aprobación bases selección auxiliar administrativo interino.

27.04.17.- Expediente sancionador de tráfico.

27.04.17.- Estimación de devolución de ingresos indebidos.

27.04.17.- Estimación de devolución de ingresos indebidos.

27.04.17.- Estimación de devolución de ingresos indebidos.

27.04.17.- Estimación de devolución de ingresos indebidos.

28.04.17.- Nóminas abril.

28.04.17.- Convocatoria Xunta de Goberno Local do 02.05.2017.

30.04.17.- Facturación abril 2017, canon explotación cafetería centro social.

02.05.17.- Altas no padrón de habitantes do mes de abril.

02.05.17.- Baixas no padrón de habitantes do mes de abril.

02.05.17.- Aprobación expediente de contratación de subministro de maquinaria con destino ao departamento de obras do concello.

03.05.17.- Aprobación do padrón dos prezos públicos polas actividades de prevención e inserción terceiro trimestre curso 2016-2017.

03.05.17.- Alta no servizo de axuda no fogar.

03.05.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 19.198,19 euros (facturas varias).

04.05.17.- Convocatoria de Comisión de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá.

04.05.17.- Expediente de reposición da legalidade urbanística.

04.05.17.- Expediente sancionador de tráfico.

04.05.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación dos gastos dos premios do desfile de Entroido 2017 (2.325 €).

05.05.17.- Remitindo expediente ao Xulgado Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña por mor de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos nun vehículo por un contedor.

05.05.17.- Personación ante o Xulgado Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña a través do letrado da Deputación.

05.05.17.- Aprobación expediente MC 11/2017.

05.05.17.- Aprobación da certificación de obras nº 2 da obra de: Ampliación de redes municipais de abastecemento e saneamento nas aldeas de Coruxido e Bastavaliños.

05.05.17.- Aprobación das liquidacións de tributos da Xunta de Goberno Local do 02.05.2017.

08.05.17.- Aprobación de proxecto de obradoiro de emprego Renovames-Brión II e convenio de colaboración do Concello de Ames para solicitude conxunta de subvención.

08.05.17.- Convocatoria de Xunta de Goberno Local para o 09.05.2017.

10.05.17.- Aprobación definitiva do padrón fiscal das taxas por auga, saneamento, depuración e canon da auga do primeiro trimestre do 2017.

10.05.17.- Inclusión dun veciño no padrón do lixo 2017.

10.05.17.- Aprobación das liquidacións de tributos da Xunta de Goberno Local do 09.05.2017.

10.05.17.- Aprobación das liquidacións das taxas pola prestación de servizos da escola infantil do mes de maio.

10.05.17.- Autorización dos festexos en A Igrexa, Luaña.

11.05.17.- Paralización de obras no lugar da Pedreira, Luaña.

12.05.17.- Listas provisionais de admitidos e excluídos na escola infantil para o curso 2017/2018.

15.05.17.- Presentación telemática e cargo dos importes do IRPF e IVE do mes de abril.

15.05.17.- Aprobación do padrón dos prezos públicos polas actividades da escola de música do terceiro trimestre do curso 2016/2017.

15.05.17.- Aprobación do padrón do prezo público do SAF básica de abril.

15.05.17.- Aprobación do padrón do prezo público do SAF dependencia de abril.

18.05.17.- Comunicación de xubilación a un empregado municipal por cumprimento da idade.

18.05.17.- Autorización de festa no lugar de Soigrex, Os Ánxeles.

18.05.17.- Anulación de incorporacións de créditos.

18.05.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación de gastos diversos por importe de 69.558,53 €

18.05.17.- Cambio de titulares no padrón de recollida de lixo do 2017.

18.05.17.- Expedientes sancionadores de tráfico.

19.05.17.- Expediente MC 12/2017.

19.05.17.- Declarando definitivo o acordo plenario de modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento 2017.

19.05.17.- Designando persoas para acompañamento do grupo por mor da excursión dos maiores ás Rías Baixas.

22.05.17.- Convocatoria Xunta de Goberno Local para o 23.05.2017.

23.05.17.- Contratos menores da programación da Rede Cultural da Deputación 2017.

23.05.17.- Expediente MC 13/2017.

23.05.17.- Inicio expediente para a contratación laboral temporal de obreiros para a execución de obras municipais.

24.05.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación de gastos diversos por importe de 11.499,70 €.

24.05.17.- Aprobación das liquidacións de tributos da Xunta de Goberno Local do 23.05.2017.

26.05.17.- Aprobación do listado do Programa axuda alimentaria do mes de xuño 2017.

29.05.17.- Solicitud de subvención á Xunta de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

29.05.17.- Baixa no SAF.

29.05.17.- Recoñecemento dun trienio a un laboral.

30.05.17.- Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos para cobertura por funcionario interino dunha praza de auxiliar administrativo.

30.05.17.- Solicitud de subvención á Deputación para o servizo de socorrismo.

30.05.17.- Recoñecemento dun trienio a un laboral.

30.05.17.- Nómina maio.

30.05.17.- Aprobación pago Mancomunidade Serra do Barbanza mes de maio.

31.05.17.- Aprobación facturación polo canon de cafetería do centro social do mes de maio.

01.06.17.- Aprobación de bases para a contratación de persoal laboral temporal.

01.06.17.- Altas no padrón de habitantes do mes de maio.

01.06.17.- Baixas no padrón de habitantes do mes de maio.

05.06.17.- Adxudicación do contrato menor do servizo de socorrismo e limpeza e mantemento da piscina de Bastavales a Barbatana SL, por importe de 8.232,84 €, IVE incluído.

05.06.17.- Inicio de expediente de contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e Centro Social Polivalente.

05.06.17.- Contratación de persoal ao abeiro do Programa de integración laboral da Deputación 2017.

05.06.17.- Delegación da alcaldía nunha concelleira.

05.06.17.- Lista definitiva de admitidos e excluídos na escola infantil para o curso 2017/2018.

05.06.17.- Aprobación bases 1º concurso de debuxo e pintura encontro coa arte.

06.06.17.- Cambio dun titular no padrón de recollida de lixo 2017.

06.06.17.- Requirimento limpeza en A Igrexa - Brión.

06.06.17.- Requirimento limpeza en A Igrexa - Brión.

06.06.17.- Requirimento limpeza en Vilar - Viceso.

06.06.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación de gastos por importe de 28.416,41 € (Gas Natural).

06.06.17.- Convocatoria de Xunta de Goberno Local para o 07.06.2017.

07.06.2017.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 27.875,80 euros (facturas varias).

08.06.17.- Lista definitiva de admitidos e excluídos, constitución do tribunal e convocatoria do primeiro exercicio da praza de auxiliar administrativo.

09.06.17.- Aprobación inicial do padrón do lixo do ano 2017.

09.06.17.- Aprobación inicio expediente de contratación de materiais para obras municipais.

09.06.17.- Aprobación de convenio coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o Programa vacacións en paz do ano 2017.

09.06.17.- Aprobación do padrón do prezo público polo SAF básico do mes de maio.

09.06.17.- Aprobación do padrón do prezo público polo SAF dependencia do mes de maio.

09.06.17.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local do 07.06.2017.

09.06.17.- Aprobación das liquidacións das taxas polo servizo da escola infantil do mes de xuño.

09.06.2017.- Expedientes sancionadores de tráfico.

12.06.2017.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 13.06.2017.

12.06.2017.- Presentación telemática e cargo dos importes do IRPF e IVE do mes de maio.

13.06.2017.- Pagamento de custas procedemento abreviado 0000311/2016 por importe de 1.421,75 euros.

14.06.2017.- Autorización festexos populares en A Igrexa, Luaña.

14.06.2017.- Autorización festexos populares en A Igrexa, Cornanda.

14.06.2017.- Autorización festexos populares en A Igrexa, Viceso.

14.06.2017.- Retrasando hora celebración sesión plenaria.

14.06.2017.- Convocatoria comisións informativas e pleno ordinario.

O Pleno queda enterado.

4º) DACIÓN DE CONTA DE INFORME SOBRE ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE BRIÓN, CURSO ESCOLAR 2017/2018, E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dada lectura ao ditame da Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, do 20.06.2017, que transcrito di:

Dada conta do informe sobre escolarización do alumnado de infantil e primaria no Concello de Brión no curso escolar 2017/2018 e previsións para os seguintes cursos escolares, asinado polo director de CEIP de Pedrouzos, de data 03.05.2017, con rexistro de entrada no concello núm. 1882, do 04.05.2017, a comisión informativa por unanimidade dos sete membros presentes ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

1º) Remitir o informe referenciado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o seu coñecemento e efectos, solicitándolle que o tomen en consideración para a ampliación de CEIP de Brión á maior brevidade posible.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometido a votación o ditame da Comisión informativa dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobado o ditame da comisión informativa nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2017.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 1º trimestre de 2017, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2017.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 1º trimestre de 2017, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 19-T REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.06.2017 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 20.06.2017, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, de abril de 2016 a abril de 2017, que é do 2,60%, polo que a actualización das tarifas será polo 2,21 %.

Visto o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos plenarios publicados no BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 12.08.2013, 11.08.2014, 24.09.2015 e 03.08.2016, nos seguintes termos:

1.1 -. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

TARIFA 1. VIVENDAS

| Por cada m ³ facturado en abastecemento | Tarifa |
|--|----------------------------|
| Servizo de saneamento | 0,096893 €/ m ³ |
| Servizo de depuración | 0,209085 €/ m ³ |

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

| Por cada m ³ facturado en abastecemento | Tarifa |
|--|----------------------------|
| Servizo de saneamento | 0,096893 €/ m ³ |
| Servizo de depuración | 0,209085 €/ m ³ |

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL

| Cota mensual fixa | Tarifa |
|-------------------|---------------------|
| Saneamento | 0,968953 €/abo. mes |
| Depuración | 2,090851 €/abo. mes |

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

| Por cada m ³ medido ou aforado | Tarifa |
|---|----------------------------|
| Servizo de saneamento | 0,096893 €/ m ³ |
| Servizo de depuración | 0,209085 €/ m ³ |

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

| | Tarifa |
|-----------------------------|-------------|
| Zanxa en terra | 357,39 €/ud |
| Zanxa en asfalto | 398,95 €/ud |
| Zanxa en baldosa-beirarrúa. | 448,20 €/ud |

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) MOCIÓNS.

Se presentan tres.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que respecto da moción da alcaldía pediría unha sesión monográfica para explicar ben este tema.

O Sr. Alcalde sinala que vostede presentou unha alegación e polo tanto coñeceu o asunto xa no seu momento posto que o acordo de aprobación inicial foi realizado pola Xunta de Goberno Local e teñen as actas da mesma.

Sometida a votación a urxencia das tres mocións conxuntamente, a mesma queda aprobada por unanimidade dos 12 membros presentes pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (1) e concelleiro non adscrito (1), agás na moción da alcaldía referente ao Plan Parcial na que o Sr. Concelleiro Pena Espiña vota en contra.

En consecuencia queda aprobada a urxencia das tres mocións seguintes.

8.1) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO DOCUMENTO DENOMINADO MODIFICADO DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE "MONTE BALADO".

Dada conta pola alcaldía da proposición de data 20.06.2017, que transcrita di:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 8 de febreiro de 2017 adoptou o seguinte acordo:

“” SÉTIMO.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE MONTE BALADO.

Dada conta do documento denominado: Modificado de Plan parcial do sector de solo urbanizable " Monte Balado ", redactado pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, de data 2 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local como órgano competente do concello, por delegación da alcaldía do 10.07.2015, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento: Modificado de Plan parcial do sector de solo urbanizable " Monte Balado " referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, consonte co establecido no art.75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Tramitar o expediente consonte co disposto no art.75 e ss. da Lei, non sendo necesaria ningunha tramitación ambiental, nin ser precisa aprobación provisional, nin informe previo do organismo autonómico competente en materia de urbanismo, por tratarse dun Plan parcial previsto no PXOM (art.75.1.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

3º) Rematado o procedemento será aprobado definitivamente polo Pleno como órgano competente do concello.””

Realizada a notificación aos titulares catastrais dos terreos afectados que consta no expediente e a publicación dos edictos de exposición pública no xornal El Correo Gallego do 23.02.2017, no Diario Oficial de Galicia do 13.03.2017, e no taboleiro de edictos do concello, con data 15.05.2017 rematou o prazo de exposición pública.

Durante dito prazo presentáronse os seguintes escritos:

- Escrito asinado por Red Eléctrica de España, de data 04.05.2017, con rexistro de entrada no concello núm. 2094, do 12.05.2017.

- Escrito asinado polo concelleiro Xesús Pena Espiña, de data 12.05.2017, con rexistro de entrada no concello núm. 2062, do 12.05.2017.

O escrito de Red Eléctrica de España non é unha alegación senón que simplemente rogan que se teña en conta as instalacións da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica a 220 KV Santiago de Compostela - Tambre, no plan de referencia ou en futuros planes, considerando que calquera afección sobre as liñas e as súas instalacións deberá cumprir as condicións establecidas nos regulamentos de resultado de aplicación.

Durante o período de información pública presentouse pois unha única alegación por parte do concelleiro non adscrito Xesús Pena Espiña, en data 12 de maio de 2017.

Na única alegación presentada sostente, en síntese, o seguinte:

i.- Que se trata dun solo urbano consolidado e non consta interese público na modificación puntual, senón que se trata dunha manobra especulativa.

ii.- Que o feito de afirmar que o Plan Parcial só serviu para consolidar a construción e non o aproveitamento das zonas dotacionais constitúe unha vulneración dos principios da lexislación urbanística.

iii.- Debe explicarse con máis claridade por qué se entende máis acaída para materializar a edificabilidade dotacional a parcela na que se atopa o centro comercial.

iv.- Debe explicarse con maior claridade a posibilidade de establecer un convenio co titular da parcela privada.

v.- O croquis inserido no texto non se atopa a escala, o que redonda nunha opacidade da información.

vi.- Se a finalidade é trasladar a edificabilidade da parcela dotacional á parcela EQ E S, debe dicirse quen son os propietarios beneficiados e que compensacións deben asumir.

vii.- Remátase pedindo a paralización do proceso para que se explique máis polo miúdo o cambio de parcelas que se pretende.

Visto o informe asinado conxuntamente polo asesor xurídico urbanístico do concello e pola arquitecta municipal, de data 19.06.2017, que transcrito di:

“ Informe:

1.- Ata a data constan cumprimentados os trámites establecidos no art. 75 da Lei 2/2016, que deben seguirse preceptivamente consonte o sinalado no art. 83.5 da mesma lei.

2.- A resposta que dende o punto de vista técnico e xurídico debe darse ás cuestións expostas na única alegación presentada, entendemos debe ser a seguinte:

i.- O ámbito no que se leva a cabo a modificación puntual está clasificado no planeamento como solo urbanizable. E aínda que na actualidade, unha vez que se completou o proceso de aprobación do planeamento, equidistribución e urbanización, pasou a ter a consideración, na práctica, de solo urbano consolidado na práctica, iso non quere dicir que se trate dun solo clasificado como urbano consolidado, como incorrectamente se di na alegación presentada.

ii.- En canto á afirmación que se fai no documento de modificación puntual de que a parcela municipal de equipamento permanece inutilizada, o que se quere dicir con iso é que ata agora só ten uso de espazo libre, sen que se construíse nela ningún equipamento.

No Plan Parcial aprobado no seu día a parcela destinada a equipamento dotacional foi prevista na zona central da urbanización, acaroada á de equipamento deportivo, coa finalidade de servir ás futuras edificacións do ámbito, e permitir a súa utilización como zona libre, en tanto non se construíse algunha clase de equipamento dotacional.

O tempo demostrou, sen embargo, que tal ubicación, correcta para o seu uso como zona libre, non resultaba porén a máis acaída para uso de equipamento, e proba diso é que nunca se prantexou polos veciños desa zona a oportunidade e conveniencia de implantar na mesma un equipamento municipal. Entre outras razóns, unha delas pode ser a importante diferenza de cota con respecto ás vías perimetrais exteriores ao ámbito, que é a que se apunta no documento de modificación, que sorprendentemente tamén lle chama a atención ao alegante, afirmación que en todo caso compre entender no seu contexto, como unha opinión dos redactores sobre as razóns polas que non se chegou a implantar equipamento ningún ata a data.

iii.- Canto a finalidade da modificación, o que se pretende coa mesma non é ningunha manobra especulativa, como suxire o alegante, senón unicamente posibilitar que a edificabilidade asignada polo Plan Parcial a cada unha das parcelas de equipamento (Ordenanza B) se poda implantar non só na propia parcela en cuestión, senón tamén noutras parcelas que se atopen cualificadas baixo a mesma Ordenanza B.

A finalidade de tal previsión é facilitar a materialización desa edificabilidade que, como é lóxico, ten que ir dirixida aos usos previstos no planeamento para a mesma. Desta maneira, simplemente ábrese unha posibilidade, que despois poderá ser levada a cabo ou non.

Obviamente, se ambas parcelas son públicas non existirá problema ningún, mentres que se a parcela na que se pretende implantar a edificabilidade é privada, será preciso establecer un convenio a tal efecto coa propiedade.

Será nese momento, e non agora, cando se deban analizar e estudar os termos dese posible convenio, no seu caso.

iv.- En canto á idoneidade da parcela EQ E S para albergar a edificabilidade das parcelas dotacionais debe dicirse que o feito de que se constate que existe unha parcela cualificada baixo a mesma Ordenanza, que se entende particularmente acaída para implantar esta edificabilidade dotacional non materializada ata agora, non quere dicir que sexa a única posibilidade de concreción da proposta contida na modificación puntual, que simplemente abre unha vía para facilitar a implantación do aproveitamento, pero non limita nin condiciona en absoluto tal posibilidade.

En todo caso, a idoneidade de dita parcela EQ E S ven dada pola súa ubicación relativa no ámbito, en contacto coa estrada Santiago - Noia, e a unha cota evidentemente moito máis accesible que as dotacionais.

v.- Contrariamente ao que sinala o alegante, o interese público presente na modificación puntual que se pretende resulta evidente, xa que o que se pretende é facilitar e viabilizar a

utilización dun aproveitamento dotacional público que ata a data non se chegou a materializar. E para iso simplemente ábrese a posibilidade de trasladar entre si a edificabilidade das parcelas cualificadas baixo a mesma ordenanza.

vi.- O plano inserido dentro da Memoria da modificación puntual ten únicamente carácter informativo, xa que a modificación límitase en último termo á modificación do art. 215 da normativa do Plan Parcial, e non afecta en absoluto aos planos de ordenación. Por esta razón enténdese innecesario inserir o plano a escala, xa que os planos do Plan Parcial, á súa debida escala, non sofren modificación ningunha e están ao dispor do alegante no documento orixinal.

vii.- En calquera caso, no suposto de que se chegase a establecer un convenio para trasladar o aproveitamento dotacional público á parcela privada cualificada baixo a mesma ordenanza, iso só sería posible para os usos pormenorizados previstos no planeamento como admisibles dentro dese uso global dotacional.

E no caso de que se permitise a utilización de tal edificabilidade por un operador privado, que parece ser a posibilidade á que alude a alegación, tería que ser sempre a cambio da correspondente contraprestación para os intereses públicos xerais, previa valoración polos servizos técnicos municipais, e previos os correspondentes trámites de información pública, como establece a Lei 2/2016 a tal efecto. Cuestión que, en todo caso, habería de analizarse no suposto de que se prantexase a efectiva materialización de tal posibilidade, e non agora con carácter anticipado, como pretende o alegante.

Conclusión: A alegación debe ser desestimada, nos termos que se veñen de expor.

3.- Procedemento a seguir:

Unha vez cumpridos os trámites legalmente establecidos, e transcorrido o período de exposición pública, procede levar a cabo a aprobación definitiva da modificación puntual.

A competencia para a aprobación definitiva correspóndelle ao Pleno da corporación (cfr art. 22.2.c Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local), que debe ser adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación (cfr art. 47.2.II Lei 7/85, RBRL).”

Por todo o anteriormente exposto propono ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Desestimar o escrito de alegacións presentado polo Sr. Concelleiro Pena Espiña polos motivos especificados no informe técnico xurídico transcrito.

2º) Aprobar definitivamente o documento denominado: Modificado de Plan parcial do sector de solo urbanizable ” Monte Balado ”, redactado pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, de data 2 de febreiro de 2017, que foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local como órgano competente do concello, por delegación da alcaldía do 10.07.2015, en sesión de data 8 de febreiro de 2017.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que o que se pretende é que hai unha edificabilidade nunha zona determinada e se pretende usar a mesma nos terreos que teñan a mesma cualificación, dado o tempo transcorrido sen que ninguén solicitase iso, e pode ser nese terreo ou noutro.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que é certo que os informes son favorables, penso que se axusta á legalidade pero con pinzas, está no límite; engade que isto ten antecedentes, así, ese edificio no seu momento cando se puxo á venda houbo unha empresa que mercou a planta

baixa, iso implicou que o edificio quedou con espazos que tiñan limitado o seu uso comercial, logo se montou na segunda planta un comercio, creo recordar que sen licenza e despois se lle dixo cal era a área comercial e cal a de almacén, que era o resto daquela superficie; iso é un paripé porque si se entraba no almacén non era tal, ese comercio de mobles foi promovido polo propio promotor do edificio, entón quedou alí e por iso agora se presenta esta modificación, pero sen xustificación e parece que os beneficios para o concello son escasos, non están cuantificados, e para o propietario serán importantes; engade que en esencia isto é o contido político da nosa alegación, non se xustifica debidamente, e a lei di claramente que calquera cambio de uso debe estar debidamente xustificado, non sei se o que se pretende é non pillarse as mans cun proxecto concreto, nos xornais viña que era para un centro de día, pero parece que non vai ser así, queda manga ancha nesa ambigüidade para ver que se pode facer despois e por iso creo que non procede esa permuta, se está beneficiando claramente a unha entidade privada e non está xustificado.

O Sr. Alcalde sinala que creo que o mellor é ler o informe polo que se desestima a alegación; vostede ve fantasmas onde non hai nada, non se trata de permutar nada, non hai cambio de uso porque non o poder haber por lei, os usos permitidos son os do Plan Parcial, son os mesmos que tiña, se trata de facer un cambio na realización da edificabilidade para a súa materialización noutro terreo que teña esa cualificación e se hai convenio, xa se verá, ten que vir a este Pleno.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que é evidente que o debate carece de transparencia, eu sospeito que unha parte da corporación descoñece a miña alegación, eu falo dos planos, eu cando pedín copia déuseme e o plano non vale moito porque non permitiu situar con exactitude os dous terreos que se estaban permutando, hai un intento de que non saibamos con nitidez que é o que se pretende, creo que está no límite da legalidade, estamos na ambigüidade, ata agora ese espazo estaba limitado, agora se lle abre a vía para outros usos e por iso eu creo que estas cousas que ofrecen dúbidas deberían explicarse máis e mellor; paréceme que aquí hai gato encerrado, vostede despois faga o que lle dea a gana.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que o único que se fai é ampliar as posibilidades para un terreo que está morto, non vexo o problema, será aprobado polo Pleno, haberá exposición pública, que haberá máis posibilidades de poder utilizar aquilo, que non vexo que problema pode existir, non hai límites de legalidade, ou é legal ou ilegal, non me gusta iso dos límites, ten que vir ao Pleno, non sei que prexuízos poden existir, é un edificio privado e virán empresas privadas para darlle un uso.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que seguro que é legal pero non teño moi claro a que se vai dedicar, que se persegue exactamente, non me fío dese empresario, a sensación que teñen os veciños é que hai gato encerrado, non por parte do concello, senón pola empresa que está detrás disto, poño en dúbida as súas intencións finais, xa sei que ten que volver ao Pleno pero a min esa empresa non me xera ningunha confianza e non podo dállela.

O Sr. Alcalde sinala que é legal sen ningunha dúbida; non pode vostede Sr. Pena estar sempre enfadado, iso de que aquí pode haber cazo, límite da legalidade, mire o plano que se lle entregou, repítolle que non sufriu modificación, é o do Plan Parcial, non se modificou nada, só se pretende que a edificabilidade dunha parcela concreta pase a outras coa mesma cualificación, e virá ao Pleno; ten vostede que entender que non hai nada feito, non lle podo concretar máis, a preproposta que eu teño será beneficiosa para os veciños, desde postos de traballo ata moitos outros usos; primeiro os nosos veciños e se hai un terceiro que tamén se beneficia pois moi ben, e cando teña máis información, se hai, virá a este Pleno.

Votación e resultado:

Sometida a votación dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (2).

Votos en contra: (1), pertencente ao concelleiro non adscrito (1).

Abstencións: (1), pertencente ao grupo municipal do BNG (1).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

8.2) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DECLARAR ESTE CONCELLO VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS.

O Sr. Concelleiro Penas Corral da conta da moción sinalada, que transcrita di:

Exposición de motivos.

A cuestión de respecto cara aos animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista do público espectador, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida non son habituais nin naturais.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permaneceren o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce os animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”.

Un importante número de países e vilas, mesmo concellos do noso País xa vetaron o uso de animais nos circos con base na súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan animais como reclamo do público infantil. Xulgamos que os pequenos e as pequenas deste país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara aos seres vivos e o contorno.

É por iso que propomos:

1. Que este concello non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.
2. Declarar este concello vila libre de circos con animais.
3. Que este concello non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal
4. Notificar este acordo á Xunta de Galiza, aos grupos do Parlamento de Galiza e á Asociación Animalista Libera

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que sabemos do percorrido legal que ten a moción, pero a presentamos polo simbolismo que tería a súa aprobación.

O Sr. Alcalde sinala que eu coa franqueza que me caracteriza xa lle dixen o que penso; non podo votar a favor dela porque podería condicionar a actuación futura desta alcaldía, estaría aprobado e non podería dicir que non porque as licenzas son regradas; que a empresa fixo unha comunicación previa e punto, e a vantaxe que temos neste momento é que no Parlamento de Galicia estase tramitando unha lei, que recolla isto e que non metan aos concellos onde non podemos, e que quero que quede claro que eu estou a favor de que non se maltraten aos animais.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (1) e ao concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do PP (2).

Queda rexeitada a moción.

8.3) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA PROMOVER A INCORPORACIÓN DE BRIÓN Á “REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS”.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña da conta da moción sinalada, que transcrita di:

A Agadic iniciou a súa traxectoria en 2008 como axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. De acordo cos fins que lle atribúe a súa lei de creación (4/2008, do 23 de maio), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural. No seu regulamento a AGADIC establece, entre outros, os seguintes obxectivos e fins:

- a) Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
- b) Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado, e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
- c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais. Para isto poderán establecer marcas de referencia e campañas publicitarias que reforcen a posición de Galicia e dos produtos culturais galegos no mercado interior e exterior.
- d) Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector, en especial na formación de persoal cualificado para a súa administración e xestión e no deseño, acceso e emprego das novas tecnoloxías.
- e) Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autores e autoras, en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción. Tamén apoiará a colaboración entre empresas e creadores e creadoras como instrumento necesario para o impulso e asentamento do sector cultural.
- f) Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte dos axentes culturais, en especial o impulso de centros que faciliten o acceso á cultura dos cidadáns dos núcleos pequenos, e o estímulo da mellora e modernización tecnolóxica.

Nesta perspectiva a Agadic promove e chamada “Rede Galega de Teatros e Auditorios” (RGTA), que nace co obxectivo de impulsar a distribución dos espectáculos galegos. A Rede Galega de Teatros e Auditorios consolidouse nestes anos como o principal circuíto para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional e no presente engloba a 43 escenarios de 39 municipios.

O seu calendario de funcións estrutúrase en períodos semestrais de programación. As artes escénicas, a música e a maxia teñen cabida neste circuíto, con especial protagonismo do teatro e das compañías galegas. Para desenvolver o primeiro período de actividades de 2017, conta cun orzamento superior aos 922.000 euros, dos que 471.074 corresponden a Agadic e 451.699 ás entidades locais titulares dos teatros e auditorios.

Visto que o Concello de Brión non forma parte desta Rede e considerando de grande interese as actividades que se promoven, este concelleiro leva para a súa aprobación en Pleno da seguinte proposta:

1. Que o Concello de Brión inicie os trámites para a súa incorporación inmediata á “Rede Galega de Teatros e Auditorios”

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que moitas grazas pola súa colaboración; engade que nos anos 90 había Circuitos Culturais e Brión formou parte desde o seu inicio ata o ano 2006 en que se creou esa Rede, e Brión non está aí porque non pode, esa Rede di que hai que ter unha serie de requisitos, así por exemplo, locais con 120 localidades e moitos máis requisitos, e practicamente non cumprimos ningún; temos de todo para ser un concello de 7.500 habitantes agás auditorio, e non podemos aprobar esta moción porque non cumprimos ningún requisito e moi poucos concellos en toda Galicia forman parte desa Rede, de feito só cumpren iso 10 concellos de ata 10.000 habitantes.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 4, pertencentes aos grupos municipais do PP (2), do BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

9.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG.

1) A voltas co circo: o goberno municipal comunicounos que non tiña nada a ver co “espectáculo” do circo instalado no noso concello nestes últimos días. Nin o referente ao solo, nin a ningún abastecemento. Porén cando collemos unha das entradas (axuntamos copia) que estiveron repartindo os promotores (nas entradas dos colexios) vemos como aparece o logo do noso concello. En que consistiu a “colaboración”.

Responde o Sr. Alcalde que o concello non colabora para nada, o puxeron eles, supoño que non o poderían facer pero se vostede considera que hai que levalos aos tribunais.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que moitos concellos os obrigan a poñelo e ao mellor por inercia o puxeron.

2) Neste mes de maio publicouse a lista de praias, ríos e zonas de interior con calidade insuficiente das augas para o baño. Nesta lista estaba a zona de Nináns no noso concello.

Ten previsto algún tipo de actuación nesta zona o equipo de goberno a fin de mellorar a calidade das augas?

Responde o Sr. Alcalde que xa o ano pasado tivemos problemas por primeira vez, chegan restos de purín e lles pedimos aos veciños que en tempo de verán non boten; temos o cartel de non apta e pouco máis podemos facer.

3) Solicitamos ao equipo de goberno valore a posibilidade da instalación dun paso de peóns na Avenida de Noia (axuntamos mapa), como conexión das beirarrúas situadas entre a finalización do paseo fluvial do Río Pego e o actual edificio deshabitado (máis ou menos) a fin de facilitar o paso e acceso a moitos veciños que utilizan esa ruta habitual e que actualmente vense na obriga de desprazarse ata a rotonda de Monte Balado o ata preto do Tremo.

Responde o Sr. Alcalde que eu dígolle que si, que me comprometo a solicitarlo á Xunta de Galicia, porque a estrada é deles, imos solicitalo sen lugar a dúbida.

4) Chegou ata nós a queixa dalgúns veciñ@s de Chave de Carballo no referido a un cruceiro que foi tirado por un camiión. O cruceiro en cuestión xa leva moitos meses sen ser repostado, arranxado e rehabilitado. Cal é a situación actual?

Responde o Sr. Alcalde que houbo que facer un proxecto e solicitar autorización a Patrimonio, está adxudicado á unha empresa, non se puido adiantar máis porque os trámites son os que deben ser, e os veciños que me pediron información foron informados por min.

5) No referido ao centro de día de Monte Balado. No anterior pleno o equipo de goberno dixo (após unha pregunta doutro concelleiro) que o tema era cuestión de Mahía e que o concello non sabía absolutamente nada. Dando por “correcta” esa resposta (na revista Altamira da outra sensación) quixéramos saber se en estes dous meses o concello tivo tempo para recoller toda a información sobre a situación final nas seguintes cuestións:

- Vaise proceder a creación dun centro de día?
- De que xeito vai repercutir na modificación do plan actual existente na contorna do centro comercial e da urbanización.
- Vai a haber algún cambio substancial no plan urbanístico para o beneficio da promotora? A cambio de que?
- Vaise informar á veciñanza de calquera modificación? e sobre todo a veciñanza da contorna?

Responde o Sr. Alcalde que xa está tratado isto neste Pleno, que van ter a información que xa tiveron, que os afectados directamente foron notificados, e se ten máis percorrido o tema se informará aos residentes.

9.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo concelleiro non adscrito.

1) Por noticias aparecidas recentemente na prensa, parece ser que de novo este ano quedan 16 nenos/as sen praza na escola infantil. O ano pasado eran 13 os que quedaban inicialmente sen praza, que non sabemos como se resolveu finalmente.

Este concelleiro quere saber se o goberno municipal é consciente da problemática que lles supón aos pais e nais deste nenos/as que non acaden praza na escola infantil?

Se se van tomar medidas para resolver este asunto de maneira que a conciliación familiar sexa algo máis que un lema sen contidos?

Se o goberno municipal ten estudado a necesidade e a viabilidade dunha posible ampliación da escola infantil?

Responde o Sr. Alcalde que a pregunta é exactamente igual que a presentada o ano pasado e polo tanto teño que darlle a mesma resposta; respecto da lista de agarda teño que darlle a noraboa ao concello porque se reduciu moito, de ter case 40 hai dous anos pasamos a ter só 13 o ano pasado e 16 este ano, se ben ao día de hoxe son só 12; isto é porque algunhas familias solicitan praza en varias escolas infantís ou piden nun primeiro momento servizos que logo non necesitan, polo que acaban non aceptando a praza ou deixando libres partes de xornada que pedirán nun principio; isto quere dicir que a ampliación da capacidade da escola sería totalmente ineficaz pois está claro que a necesidade de servizo varía cada ano, e que se por exemplo, se tivese ampliado no ano que quedaron 40 na lista de agarda a estas alturas teríamos 2 aulas pechadas e deberíamos ter despedido a catro mestres; con todo estase atendendo unha media do 86% da demanda en primeira instancia cun servizo propiamente municipal, mentres que a meirande parte dos concellos da comarca cederon a xestión dos seus servizos para a infancia á Xunta de Galicia, a aínda así manteñen unha porcentaxe de atención moito menor.

2) Parece ser que está en marcha o proxecto do parque comarcal de bombeiros que incluíría aos concellos da comarca de Compostela: Ames, Teo, Brión, Boqueixón, Vedra e Val do Dubra, ademais do propio Santiago de Compostela.

Por informacións aparecidas nos pasados días na prensa parece ser que había problemas coa incorporación de Compostela ao proxecto, agora parece ser que si vai entrar Santiago no proxecto conxunto, aínda parece ser que aínda non está concreto.

Este concelleiro quere saber:

Como está o proceso de creación do parque comarcal de bombeiros?

Vai entrar, finalmente, Santiago ou non?

Cal vai ser o seu custe aproximado e como se vai financiar?

Onde se prevé que se centre a súa sede?

Unha vez que se monte o parque de bombeiros comarcal, que vai ocorrer co grupo GES de Brión?

Responde o Sr. Alcalde que me estraña a pregunta, que en ningún momento estes concellos dixeron que querían montar un parque sen Santiago, nunca, así se manifestou no escrito que se lle enviou ao Consorcio provincial, nós non temos responsabilidade, si o consorcio, e lle esiximos que nos diga o que temos que facer, se o montan vostedes ou o fai con Santiago, o problema é do consorcio, non dos concellos.

Logo houbo unha reunión co consorcio, estabamos todos e quedou ben claro que nós non eramos quen de dicir nada, queríamos que dunha vez se tomara a decisión, entón o Concello de Santiago deu unhas cifras de sobre 10.000.000 de euros, cando ao consorcio lle custa 3.000.000 de euros a instalación, e 700.000 euros o seu mantemento.

Quero felicitar ao medio de comunicación que dixo iso correctamente, porque o outro non; o concelleiro de Santiago dixo que daría os números e que o venres no consorcio se darían os datos e se tomarían os acordos, o único que lle dicimos é que se fai un parque comarcal novo que sexa debidamente dotado para que os veciños estean cómodos e seguros; a idea do consorcio é que os parques pasen a ser públicos todos, outra cousa é que se poida facer.

Que se a ubicación fose en Brión pois ao mellor ten repercusión no GES, pero non estamos nesa fase, xa se verá, nós os concellos non forzamos a ninguén, só lle dixemos ao consorcio que o solucionarán, e remata sinalando que o Concello de Brión non ten que tomar ningún tipo de decisión neste tema.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González